

UGT SOLICITA Á REVISIÓN DE OFICIO DAS BAREMACIÓNS NA FASE DE CONCURSO DE TODAS AS CATEGORÍAS DA OPE SOCIAL

UGT, tras sucesivas publicacións da fase de concurso de distintas categorías da denominada **OPE Social**, e vendo que presentan os mesmos erros que a primeira categoría publicada (**terapeuta ocupacional**), presentamos o escrito o pasado 19 de setembro. Ante esta primeira publicación **UGT** xa deu a voz de alarma e presentou o escrito solicitando a revisión de oficio dos certificados de experiencia profesional aportados.

As sucesivas publicacións de fases de concurso doutras categorías da **OPE Social**: **psicología**, **fisioterapia** e **educador social**, como era previsible tras a aplicación do mesmo sistema de valoración de méritos, presentaron os mesmos erros. Polo que **UGT** presentou o escrito solicitando a revisión de oficio dos certificados de experiencia profesional aportados o pasado 10 de outubro.

Actualmente, cónstannos erros a maiores na valoración de méritos na fase de concurso nas categorías de **medicina** e **enfermería**.

Nas distintas mesas e reunións de negociación que se celebraron, **UGT** reivindicou a revisión dos baremos da fase de concurso de todas as categorías da **OPE Social** e a solución destas incidencias.

Na actualidade as categorías que presentan erros son: **terapeuta ocupacional**, **psicología**, **fisioterapia**, **educador social**, **medicina** e **enfermería**.

Unha das posibles causas destes erros pode ser que algún organismo non incluído no catálogo de servizos sociais, tal é o SERGAS nalguna das súas Xefaturas Territoriais, marcou a cruz de servizos no catálogo de servizos sociais.

Por todo o exposto **UGT** volveu a presentar escrito con data de 17 de outubro solicitando a revisión de oficio dos certificados de experiencia profesional aportados polos aspirantes, anulando todo certificado de organismos que non pertencendo ao catálogo de servizos sociais esté marcado como tal ou a súa valoración no apartado correspondente. Evitando así a xudicialización individual e eternización duns procesos selectivos que deberían desenvolverse coa máxima seguridade e eficacia dunha administración.

